

AGG/ecc
 Expte 2022000006016

RENDICIÓN DA CONTA XERAL FUNDACIÓN ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO DE 2021.

Formada a Conta Xeral correspondente ó exercicio de 2021 por parte da Intervención, a Presidencia, conforme dispón o artigo 212 do R.d.l. 2/2004, de 5 de marzo, rende a conta de referencia, que, xunto coas contas xerais da propia Deputación e demais organismos dela dependentes, unha vez as informe a Comisión Especial de Contas e expostas ó público e, de ser necesario, co informe definitivo e as alegacións, someteranse ó Pleno para a súa aprobación.

1. Réxime xurídico aplicable á Conta xeral.

- Artigos 208 a 212 do R.d.l. 2/2004, de 5 de marzo (TRLRHL).
- Artigos 89 a 105 do R.d. 500/90, de 20 de abril.
- Regras 44 a 51 da Instrución de Contabilidade aprobada por Orden HAP/1781/2013, de 20 de setembro

2. Contido da Conta Xeral de 2021.

2.1. Contas anuais.

2.1.1. Balance.

O seu resumo é:

ACTIVO	
A) Activo non corrente	62.603,74
II. Inmovilizado material	62.603,74
B) Activo corrente	433.212,89
VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	433.212,89
TOTAL ACTIVO (A+B)	495.816,63

PASIVO	
A) Patrimonio neto	475.182,23
I. Patrimonio	400.456,50
II. Patrimonio xenerado	74.725,73
C) Pasivo corrente	20.634,40
II. Débedas a curto prazo	140,00
IV. Acredores e outras contas a pagar a curto prazo	20.494,00
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)	495.816,63



2.1.2. Conta de Resultados Económico - Patrimonial.

O seu resumo é:

CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO PATRIMONIAL DO EXERCICIO	
1. Ingresos tributarios e urbanísticos	135.096,12
2. Transferencias e subvencións recibidas	456.740,00
6. Outros ingresos de gestión ordinaria	0,00
A) TOTAL INGRESOS DE XESTIÓN ORDINARIA (1+2+3+4+6+7)	591.836,12
8. Gastos de persoal	-469.928,21
11. Outros gastos de xestión ordinaria	-37.236,62
12. Amortización do inmovilizado	-9.445,56
B) TOTAL GASTOS DE XESTIÓN ORDINARIA (8+9+11+12)	-517.110,39
I. Resultado (aforro o desaforro) da xestión ordinaria (A+B)	74.725,73
II. Resultado das operacións non financeiras (I+13+14)	74.725,73
15. Ingresos financeiros	0,00
III. Resultado das operacións financeiras (15+16+17+18+19+20+21)	0,00
IV. Resultado (aforro o desaforro) neto do exercicio (II+III)	74.725,73
+ Axustes na conta de resultados do exercicio anterior	
Resultado do exercicio anterior axustado (IV + Axustes)	74.725,73

2.1.3. Estado de cambios no Patrimonio Neto.

Que informa sobre as variacións do Patrimonio da Fundación, o seu detalle figura no expediente.

2.1.4. Estado de Fluxos de Efectivo.

Que informa sobre o orixe e o destino dos movementos habidos nas partidas monetarias de activo representativas de efectivo e outros activos líquidos equivalentes (O seu detalle figura no expediente).

2.1.5. Estado de Liquidación do Orzamento.

DESCRICIÓN	IMPORTE
DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	591.836,12
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	507.164,83
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	84.671,29
AXUSTES	
Créditos gastados financiados con remanente de tes.	3.729,22
Desviacións de financiación negativas do exercicio	0,00
Desviacións de financiación positivas do exercicio	0,00
RESULTADO PRESUPUESTARIO AJUSTADO	88.400,51



O seu detalle figura no expediente.

2.1.6.A Memoria.

A súa finalidade é a de complementar, ampliar e explicar a información contida en os outros documentos que integran as contas anuais. Así inclúe información máis ampla e detallada como a organización da Fundación, as bases de presentación das contas anuais, normas de recoñecemento e valoración. Se ben a información e moito máis ampla a continuación detállase parte da información máis relevante:

Operacións non orzamentarias de tesourería.

O detalle por conceptos e:

CONCEPTOS	SALDO FINAL
Debedores	0,00
Acredores	20.634,00
Partidas pendentes de aplicación. Ingresos	0,00
Partidas pendentes de aplicación. Gastos	0,00

Remanente de Tesourería.

Podémolo definir como unha magnitude que indica a liquidez da Fundación, e dicir, a capacidade para facer fronte ós pagos que se teñen que facer cos recursos dispoñibles. O seu detalle é:

DESCRICIÓN	IMPORTE
1. (+) Fondos líquidos	433.212,89
2. (+) Dereitos pendentes de cobro	0,00
3. (-) Obrigas pendentes de pago	20.634,00
4. (+) Partidas pendentes de aplicación	0,00
I. Remanente de tesourería total (1+2-3+4)	412.578,49
II. Exceso de financiamento afectado	0,00
III. Saldos de dubidoso cobro	0,00
IV. Remanente de tesourería para gastos xerais (I-II-III)	412.578,49

Estado de Tesourería.

O resumo de movementos de tesourería e:

DESCRICIÓN	IMPORTE
Existencias iniciais	349.597,81
Cobros	1.148.328,81
Pagamentos	1.064.713,73



Existencias finais	433.212,89
--------------------	------------

Outra Información incluída na Memoria.

Organización.
Bases de presentación das contas.
Normas de recoñecemento e valoración.
Inmovilizado material.
Inversións inmobiliarias.
Inmovilizado intanxible.
Activos Financeiros.
Transferencias, subvencións e outros ingresos e gastos.
Presentación por actividades da conta do resultado económico – patrimonial.
Operacións por administración de recursos por conta doutros entes públicos.
Contratación administrativa. Procedementos de adxudicación.
Valores recibidos en depósito.
Execución de proxectos de gasto.
Gastos con financiamento afectado.
Indicadores.
Custos.

3. Período medio de pago.

A 31 de decembro de 2021, o período medio de pago situábase en 1,68 días, e dicir, que a Fundación Universitaria Escola de Enfermería paga ós seus provedores antes dos límites establecidos pola normativa.

Toda a documentación, o expediente e os xustificantes poden examinarse nas oficinas de Intervención.

Por todo o exposto, **propónlle ó pleno da Corporación a aprobación da Conta Xeral, previos os trámites de informe da Comisión Especial de Contas**, exposición ó público e, no seu caso, un novo informe da comisión de referencia.

Asinado e datado electrónicamente.

